



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dase publicidade do literal do Decreto núm. 632/2024 de 28.10.2024 no que se convoca a sesión Ordinaria do Pleno do Concello

«Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2024

EXPEDIENTE Nº 2024/G010/000014

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria da Corporación o día 28.10.2024, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as concelleiras e concelleiros membros do concello Pleno á Sesión Ordinaria que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 31.10.2024 ás 12.00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no art. 90 do R.O.F., entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 26.09.2024

2. CAMBIO DE USO DAS PARCELAS OCUPADAS POLA IGREXA E O CEMITERIO DE SAN COSME DE NOGUEIROSA

3. MOCIÓN DO PSOE: SAMUEL LUÍZ

4. DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E MOROSIDADE. 3º TRIMESTRE 2024

5. DAR CONTA DO CUSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS 2023

6. ASUNTOS DE URXENCIA



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695

TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 – www.pontedeume.gal

Páxina 1 de 2



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

7. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

8. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

9. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á Secretaria Xeral e á Interventora Municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, dona Ana Ramos Ramos, como Secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).»

Rógase que en caso de non poder asistir o comunique á Alcaldía, a través da Secretaría Xeral indicando os motivos que o xustifiquen.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

